



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

CALLEALTA BARROSO, FRANCISCO JAVIER; ROMERO GALLARDO, CRISTINA
SOBRE A CONGRUENCIA DOS DATOS DE RENDA DAS ENQUISAS DE CONDIÇÕES DE VIDA E
OS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Revista Galega de Economía, vol. 22, septiembre, 2013, pp. 85-113

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39128237005>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

SOBRE A CONGRUENCIA DOS DATOS DE RENDA DAS ENQUISAS DE CONDICIÓN DE VIDA E OS DE CONTABILIDADE NACIONAL¹

FRANCISCO JAVIER CALLEALTA BARROSO / CRISTINA ROMERO GALLARDO
Universidade de Alcalá de Henares

RECIBIDO: 15 de novembro de 2012 / ACEPTADO: 4 de abril de 2013

Resumo: É frecuente atopar na literatura socioeconómica un uso intensivo das Enquisas de Condición de Vida para estudar as características das distribucións de renda dos fogares e das persoas, e derivar indicadores sociais de interese como son, entre outros, os de desigualdade e pobreza. Nesta contorna, e en primeiro lugar, este traballo constata a existencia de notables diferenzas entre os agregados de rendas das correspondentes distribucións persoais de rendas emanadas da realización do ano 2010 desas enquisas e os que presenta a Contabilidade Rexional de España para os fogares españois, cuantificando adicionalmente as súas magnitudes. En segundo lugar, e tratando de comprender a influencia que esas desviacións puideran ter sobre aqueles indicadores, analízanse algunhas das características das distribucións persoais de rendas en relación con certas singularidades dos seus perceptores e dos fogares de residencia. Finalmente, e con base no observado, fórmulase a posible conveniencia de corrixir os datos orixinais coa finalidade de obter indicadores que puideran reflectir máis fielmente a realidade. En consecuencia, propónse un método –elemental pero flexible–, realízanse unhas primeiras correccións e analízanse os seus resultados, que parecen paliar en parte as deficiencias inicialmente detectadas.

Palabras clave: Enquisas de Condición de Vida / Contabilidade Rexional / Distribución de rendas / Ocultación / Infradeclaración.

About Congruency of Spanish Income Data from Survey on Income and Living Conditions and National Account

Abstract: It is frequent to find an intensive use of Living Conditions Surveys in socio-economic literature, with the intention of studying income size distributions characteristics and obtaining social indicators, as inequality and poverty indexes for instance. First of all an concerning with this, this paper shows singular divergences between the aggregated information provided by these surveys about households incomes and the provided one by Spanish Regional Accounts. Additionally, magnitudes of divergences have been quantified. Secondly and looking for help to understand how these divergences could influence those indicators, size income distributions characteristics have been analyzed in relation to characteristics of households and recipients. Finally and based on observed, this paper consider the possibility of correcting micro-data in order to obtain better indicators that inform more realistically about reality. Consequently, a flexible elemental correction method has been proposed, immediately applied to survey's micro-data and its results analyzed. Analysis show that corrected data seems to mitigate some of deficiencies originally detected in data.

Keywords: Living Conditions Survey / Regional Account / Size income distributions / Underreporting / Mis-declaration.

¹ Esta investigación é continuación da realizada no proxecto de I+D *Un prototipo para la monitorización de la dinámica de distribuciones económicas: análisis de la convergencia de las distribuciones de renta en Castilla-La Mancha*, referencia PAI08-0249-1400, do *Plan Regional de Investigación Científica, Desarrollo Tecnológico e Innovación de Castilla-La Mancha* (Orde de 3 de maio de 2007 da Consejería de Educación y Ciencia da Junta de Castilla-La Mancha).

1. INTRODUCCIÓN

Moitos traballos de índole socioeconómica viñeron empregando os microdatos das enquisas a fogares (*Encuestas de Presupuestos Familiares, Panel de Hogares de la Unión Europea, Encuestas de Condiciones de Vida*) que realiza o Instituto Nacional de Estadística de España (INE), co fin de analizar as máis diversas características das distribucións das rendas de fogares e persoas no noso país, prestándolles especial interese aos seus niveis de desigualdade e de pobreza, entre outros aspectos.

O INE procura a máxima calidade dos seus microdatos, vixiando desde o seu deseño ata o último dos seus procesos de produción; e a confianza dos usuarios no seu tradicional bo facer explica que se viñeran utilizando sistematicamente, asumindo para iso a hipótese de que representan fielmente as rendas dos fogares españois. Porén, a natural reticencia humana (e, polo tanto, de moitos enquisados) a comunicarlles aos demais os seus datos persoais de tipo económico pode conducir a unha recollida de información non sempre fiel á realidade das persoas e dos seus fogares. E posiblemente, como consecuencia diso, diversos autores (Sanz, 1995; Pena *et al.*, 1996; Andrés Delgado e Mercader Prats, 2001) viñeron constatando certas diverxencias entre a información que proporcionan estes microdatos e a que sobre as rendas dos fogares españois presenta a Contabilidade Nacional de España non só a nivel agregado, senón tamén en relación cos diferentes tipos de rendas consideradas.

Por outra parte, é evidente que a natureza dos ingresos dos fogares non é idéntica en toda a poboación, senón que se asocia fortemente para diferentes grupos poboacionais con certas características comúns. Así, precísase ser asalariado nalgún momento para percibir rendas salariais do traballo; ou ser empresario ou profesional libre para recibir rendas do traballo por conta propia; ou estar parado para percibir prestacións sociais por desemprego... E polo tanto, niveis de ocultación nas declaracións de determinados tipos de ingresos que puideran ser moi distintos –ou desequilibrados– para os diversos grupos poboacionais poderían producir desviacións presumiblemente importantes nas medicións de fenómenos sociais, como a desigualdade ou a pobreza, mediante indicadores métricos obxectivos.

Deste modo, e en caso extremo, se nunha certa subpoboación se ocultaran sistematicamente a totalidade dos seus ingresos reais, declarando ingresos nulos, todos os pertencentes a esa subpoboación se situarían con case total seguridade baixo os limiares de pobreza calculados para a poboación no seu conxunto por métodos obxectivos. Porén, os integrantes desa subpoboación non teñen por que ser necesariamente pobres, pois simplemente ocultaron as súas rendas. Pero non é este o único efecto que se produciría, xa que a ocultación de rendas desta subpoboación desviaría á baixa os indicadores de posición central da distribución de ingresos (medias, mediana) e, en consecuencia, desviaría tamén á baixa o limiar da pobreza, expulsando da categoría de pobres a outros perceptores de rendas baixas, verdadeiros pobres se declararon as súas rendas reais.

En consecuencia, aínda cando se calculen coidadosamente este tipo de indicadores obxectivos universalmente aceptados, certas afirmacións que se soen realizar de forma contundente (como é o caso de “*o limiar da pobreza de tal poboación é tanto*”, ou “*tal poboación é máis desigual que tal outra*”, ou “*tal poboación ten unha taxa de pobreza maior que tal outra*”) posiblemente non deberían facerse sen investigar previamente cales son as poboacións ás que realmente se están referindo, nin sen analizar antes se as fórmulas aplicadas sobre os microdatos miden adecuadamente os niveis do fenómeno estudado.

O primeiro obxectivo deste traballo é avaliar a congruencia –ou o grao de acordo existente– entre os datos de renda proporcionados para o ano 2009 pola *Encuesta de Condiciones de Vida* (ECV) do INE do ano 2010 e a información agregada para os fogares das distintas comunidades autónomas españolas que facilita a Contabilidade Rexional de España (CRE) (base 2008) para o ano 2009. Para iso, na sección 2 examinamos a renda dispoñible proporcionada pola ECV tratando de atopar trazos que nos orienten na análise das discrepancias observadas coa CRE a nivel agregado. Na sección 3, intentando profundar nesa análise, deseñaremos unha conta de rendas dos fogares que, con certo nivel de desagregación, permitirá comparar os datos da ECV cos da CRE, calculándoa para ambas as dúas fontes e comparando os seus resultados. Constatadas certas discrepancias, na sección 4 propoñemos un procedemento flexible e sinxelo de corrección dos microdatos baseado en simples hipóteses intuitivamente aceptables, derivadas dunha primeira observación dos datos. Posteriormente, faremos unha proposta de particularización do procedemento de corrección para os microdatos obxecto de análise e, conforme a ela, aplicaremos o método de corrección nun par de escenarios predeterminados para avaliar a conveniencia –ou non– desa corrección, con base na análise dos aspectos en que podería mellorar –ou empeorar– a súa representatividade da realidade con respecto aos resultados obtidos directamente das enquisas.

2. A ECV E A RENDA DISPOÑIBLE BRUTA DOS FOGARES SEGUNDO A CRE

A ECV proporciona basicamente a renda anual bruta dispoñible dos fogares para o ano 2009 na variable *HY020*, aínda que tamén ofrece a variable *HY002* que integra ademais as rendas percibidas de esquemas privados de pensións (non SEEPROS). A partir delas poden obterse as correspondentes rendas *per capita* dispoñibles nos fogares españois, que se presentan na táboa 1, xunto ás publicadas de xeito equivalente no sector de fogares da Contabilidade Rexional de España do ano 2009 (base 2008). Unha mirada a esta táboa permítenos detectar unhas primeiras discrepancias². Así, a renda dispoñible *per capita* que se deduce da *Encuesta de Condiciones de Vida* (9.701 euros) mostra unha importante diferenza (infraestimación dun 37,33%) con respecto á renda dispoñible *per capita* que se de-

² A renda dispoñible do sector de fogares da CRE non contempla as percibidas de esquemas privados de pensións (non SEEPROS), polo que a súa homóloga na ECV sería a que proporciona a variable *HY020*.

riva das contas de renda dos fogares españois na Contabilidade Rexional de España (15.480 euros).

Para afondarmos na comparación a nivel de comunidades autónomas (CC.AA.), construímos a táboa 2, na que ordenamos as CC.AA. en función das súas rendas medias *per capita* recollidas na CRE. Observamos que, ademais da sistemática infradeclaración en que incorre a ECV, cambian substancialmente o seu lugar na ordenación comunidades como, entre outras, País Vasco, Navarra, A Ríoxa, Asturias, Ceuta ou Murcia. Porén, é difícil valorar se existen ou non anomalías nos indicadores relativos á desigualdade e á pobreza, xa que as referencias a este respecto na literatura foron xeradas habitualmente con estes datos.

Táboa 1.- Renda dispoñible bruta: CRE vs. EVC

	CRE	ECV-HY002	ECV-HY020
Renda dispoñible bruta dos fogares para España no ano 2009 (miles de euros, excluído extra-rexio)	710.976.205	445.535.724	443.902.236
Renda dispoñible bruta <i>per capita</i> dos fogares para España no ano 2009 (euros, excluído extra-rexio)	15.480	9.737	9.701
Poboación (nº de persoas)*	45.929.476	45.757.233	45.757.233
*A CRE emprega como cifra de poboación a considerada a 1 de xullo nas <i>Estimaciones de la Población Actual de España</i> , mentres que a ECV utiliza a derivada das ponderacións dos fogares multiplicados polo número de membros de cada fogar.			

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do ano 2009 da *Contabilidade Rexional de España* (base 2008) e da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

Táboa 2.- Renda dispoñible bruta segundo a comunidade autónoma de residencia do fogar

	PV	NA	MA	CAT	AR	RI	CAN	BA	AS	CEL	CEU
Persoas na mostra	1.875	1.241	3.363	3.907	1.590	1.133	1.128	1.206	1.549	2.383	404
Proporción da mostra (%)	5,06	3,35	9,08	10,55	4,29	3,06	3,05	3,26	4,18	6,44	1,09
Proporción de poboación representada (%)	4,64	1,35	13,80	15,81	2,85	0,68	1,25	2,30	2,29	5,41	0,17
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros), segundo a ECV											
Renda media	12.160	13.155	11.298	10.542	10.396	9.654	9.884	10.127	10.375	9.845	8.641
Índice de posicionamento da media (%)	125,34	135,60	116,46	108,67	107,16	99,52	101,89	104,39	106,95	101,48	89,07
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros), segundo a CRE											
Renda media	20.416	19.503	18.643	17.661	17.269	16.532	15.896	15.835	15.827	15.601	15.053
Índice de posicionamento da media (%)	131,89	125,99	120,44	114,09	111,56	106,80	102,69	102,30	102,24	100,78	97,25
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros), segundo a ECV											
Renda media	18.038	19.908	17.155	15.912	15.562	14.514	14.973	15.084	15.383	14.627	13.672
Índice de posicionamento da media (%)	122,73	135,44	116,72	108,26	105,88	98,75	101,87	102,63	104,66	99,52	93,02
Participación da clase na renda total (%)	5,70	1,83	16,11	17,11	3,02	0,67	1,28	2,36	2,40	5,38	0,16
Índice de Gini	0,297	0,269	0,314	0,312	0,275	0,308	0,311	0,342	0,284	0,326	0,389
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 7.799 euros)	0,120	0,073	0,135	0,153	0,135	0,206	0,170	0,246	0,124	0,211	0,343
NOTA: PV: País Vasco, NA: Navarra, MA: Madrid, CAT: Cataluña; AR: Aragón; RI: A Ríoxa; CAN: Cantabria; BA: Balears; AS: Asturias; CEL: Castela e León; CEU: Ceuta.											

Táboa 2 (continuación).- Renda dispoñible bruta segundo a comunidade autónoma de residencia do fogar

	GA	CV	ME	CAM	MU	CA	AN	ES	ESPAÑA no seu conxunto
Persoas na mostra	2.745	2.694	392	1.926	1.516	1.777	4.758	1.439	37.026
Proporción da mostra (%)	7,41	7,28	1,06	5,20	4,09	4,80	12,85	3,89	100,00
Proporción de poboación representada (%)	5,97	10,85	0,15	4,38	3,24	4,55	17,92	2,38	100,00
Renta dispoñible per cápita del hogar en que reside (euros), según la ECV									
Renda media	9.690	9.574	9.088	8.546	7.613	8.093	8.021	7.218	9.701
Índice de posicionamento da media (%)	99,88	98,68	93,68	88,09	78,47	83,42	82,68	74,41	100,00
Renta dispoñible per cápita del hogar en que reside (euros), según la CRE									
Renda media	14.554	13.795	13.770	12.942	12.882	12.783	12.644	11.841	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	94,02	89,12	88,96	83,60	83,22	82,58	81,68	76,49	100,00
Renta dispoñible per cápita equivalente OCDE (modificada) del hogar en que reside (euros), según la ECV									
Renda media	14.572	14.480	14.228	13.070	11.785	12.333	12.399	11.133	14.698
Índice de posicionamento da media (%)	99,14	98,51	96,80	88,92	80,18	83,91	84,35	75,74	100,00
Participación da clase na renda total (%)	5,92	10,69	0,14	3,90	2,60	3,82	15,11	1,81	100,00
Índice de Gini	0,309	0,348	0,368	0,345	0,343	0,327	0,357	0,346	0,334
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 7.799 euros)	0,169	0,210	0,281	0,286	0,292	0,306	0,301	0,382	0,208
NOTA: GA: Galicia; CV: Comunidade Valenciana; ME: Melilla; CAM: Castela-A Mancha; MU: Murcia; CA: Canarias; AN: Andalucía; ES: Extremadura.									

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

Por iso, seguimos analizando os datos facilitados pola ECV, para o que construímos táboas de estrutura similar á presentada como táboa 3 para distintas clasificacións das persoas enquisadas baseadas no seu sexo, nivel de estudos, grupos de idade, nacionalidade e tipo de hábitat³. Non atopamos evidencias que contraríen singularmente a intuición xeneralizada sobre os seus comportamentos.

As rendas *per capita* dos fogares onde habitan os homes (9.769 euros *per capita*) son lixeiramente superiores ás dos fogares onde viven as mulleres (9.635 euros *per capita*), con similares taxas de desigualdade e pobreza.

Esas rendas *per capita* crecen claramente co nivel de estudos das persoas (6.959 euros para *sen estudos*, 8.219 euros para *educación primaria*, 8.429 euros para *educación secundaria 1ª etapa*, 10.294 euros para *educación secundaria 2ª etapa* e 13.923 euros para *estudos superiores*), á vez que diminúen as correspon-

3 Hai que aclarar que nesas táboas as rendas dispoñibles (*per capita* ou equivalente *per capita*) que aparecen nelas son as dos fogares onde residen, non as rendas persoais medias. Ademais, a categoría *menores de 16 anos* illa do resto das persoas aos nenos (menores de 16 anos), cuxas características de clasificación non se recollen na ECV polo propio deseño desta (o arquivo detallado de persoas recolle información só para os adultos maiores de 16 anos).

dentes taxas de pobreza (39,1%, 27,0%, 23,9%, 17,0% e 8,7%, respectivamente), manténdose a desigualdade en niveis similares (en torno ao 30%) en todas as categorías de persoas con algún tipo de estudos, mentres que é inferior para a categoría *sen estudos* (25,2%), coa maior taxa de pobreza.

Coa excepción do grupo de persoas de entre 25 e 35 anos, esas rendas *per capita* mostran tamén a curva típica do ciclo vital da renda, crescendo coa idade e pasando dos 8.584 euros no grupo de persoas de entre 16 e 25 anos ata os 11.240 euros no grupo de persoas de entre 55 e 65 anos, para decrecer ata os 9.640 euros para o grupo de persoas de máis de 65 anos. Porén, o grupo de persoas de entre 25 e 35 anos presenta unha renda media máis elevada do inicialmente esperado (11.124 euros), aínda que, como advertimos na nota da táboa 1, as rendas medias presentadas nas táboas non son as persoais senón as das rendas medias nos fogares de residencia das persoas. Probablemente, esta particularidade podería deberse a novos que se poden emancipar, quizais cunha parella que tamén percibe ingresos, e que aínda non teñen outras cargas familiares.

As rendas *per capita* nos fogares onde viven os españois (10.268 euros) son superiores ás dos fogares onde habitan as persoas dos 24 países restantes da Unión Europea (7.907 euros), e estas, á súa vez, son superiores ás dos fogares onde residen as persoas do resto do mundo (6.676 euros), con similares índices de desigualdade en todas as categorías e cun aumento paralelo das taxas de pobreza (19,3%, 26,4% e 36,1%, respectivamente).

As rendas *per capita* daqueles cuxos fogares se localizan en zonas moi poboadas (10.772 euros) son superiores ás daquelas que viven en zonas medianamente poboadas (9.053 euros), e estas, á súa vez, son superiores ás dos que habitan en zonas pouco poboadas (8.159 euros), con similares índices de desigualdade (en torno ao 33%) e cun aumento paralelo das taxas de pobreza (16,3%; 22,9%; e 28,0%, respectivamente).

Porén, si se atopan na ECV algunhas evidencias singulares que parecen contrariar a nosa intuición, algunhas das cales se presentan na táboa 3. En xeral, observamos que, para as distintas categorías de empresarios⁴, a de empresarios agrarios con asalariados presenta unha renda media *per capita* parecida á dos inactivos, mentres que o resto dos empresarios mostra rendas medias inferiores ás dos empregados non cualificados e ás dos parados. Así mesmo, as catro categorías recollen participacións na renda total inferiores á súa participación na poboación española e tamén maiores taxas de pobreza e de desigualdade que o resto das categorías. Por outra parte, cando se clasifican pola situación en relación coa actividade (variable *PL031*), as rendas *per capita* dos traballadores por conta propia son menores que as dos asalariados (mesmo a tempo parcial) e que as dos xubilados. En relación coa situación profesional (variable *PL040*), os empregadores e empresarios sen traballadores presentan menor renda *per capita* que os asalariados (a metade, no segundo caso).

4 Nestas táboas, as clases de empresarios inclúen autónomos e profesionais libres.

Táboa 3.- Renda dispoñible bruta segundo a categoría socioeconómica da persoa

	N/D	M-16	EA-CA	EA-SA	RAA	ENA-CA	ENA-SA
Persoas na mostra	475	6.073	63	272	403	742	1.234
Proporción da mostra (%)	1,28	16,40	0,17	0,73	1,09	2,00	3,33
Proporción da poboación representada (%)	1,54	15,97	0,17	0,64	1,13	2,00	3,58
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros), segundo a ECV							
Renda media	9.997	7.797	6.199	6.008	7.517	9.167	7.639
Índice de posicionamento da media (%)	103,05	80,37	63,90	61,93	77,48	94,49	78,74
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros), segundo a ECV							
Renda media	15.646	14.038	9.807	9.024	11.564	13.934	11.754
Índice de posicionamento da media (%)	106,45	95,51	66,72	61,40	78,68	94,80	79,97
Participación da clase na renda total (%)	1,64	15,25	0,11	0,39	0,89	1,90	2,86
Índice de Gini	0,267	0,359	0,601	0,544	0,288	0,498	0,463
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 7.799 €)	0,101	0,252	0,543	0,524	0,244	0,349	0,387
NOTA: M-16: Menores de 16 anos; EA-CA: Empresarios agrarios con asalariados; EA-SA: Empresarios agrarios sen asalariados; RAA: Resto activos agrarios; ENA-CA: Empresarios non agrarios con asalariados; ENA-SA: Empresarios non agrarios sen asalariados.							
	CS-NA	RE-CNA	E-NCNA	FF.AA.	P-F-SM-PSS	IN	España no seu conxunto
Persoas na mostra	2.216	6.925	1.497	110	5.978	11.038	37.026
Proporción da mostra (%)	5,98	18,70	4,04	0,30	16,15	29,81	100,00
Proporción de poboación representada (%)	6,73	20,63	4,03	0,28	16,25	27,05	100,00
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros), segundo a ECV							
Renda media	17.337	11.479	8.652	12.044	7.828	9.323	9.701
Índice de posicionam. da media (%)	178,70	118,32	89,18	124,15	80,69	96,10	100,00
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros), segundo a ECV							
Renda media	25.694	17.218	13.083	18.243	12.025	12.928	14.698
Índice de posicionam. da media (%)	174,81	117,14	89,01	124,12	81,81	87,96	100,00
Participac. da clase na renda total(%)	11,76	24,17	3,59	0,34	13,29	23,80	100,00
Índice de Gini	0,233	0,251	0,252	0,183	0,348	0,307	0,334
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 7.799€)	0,030	0,074	0,196	0,032	0,310	0,233	0,208
NOTA: CS-NA: Cadros superiores non agrarios; RE-CNA: Resto empregados cualificados non agrarios; E-NCNA: Empregados non cualificados non agrarios; FF.AA.: Forzas Armadas; P-F-SM-PSS: Parados, formación, servizo militar ou prestación social substitutoria; IN: Inactivos.							

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

De acordo coa táboa 4, as rendas medias dos empregados por conta propia son sistematicamente menores que as dos asalariados coa mesma ocupación (variable *PL050*) tanto para aqueles con dedicación a tempo completo como parcial.

Todos estes indicios parecen estar alertando sobre unha presumible infradeclaración de ingresos na ECV nestes colectivos, de forma que poderían poñer en cuestión as análises realizadas directamente sobre estes microdatos acerca da distribución persoal das rendas en España, do seu grao de desigualdade e, pensamos que máis criticamente aínda, sobre a pobreza. Para pescudar se esta presumible infradeclaración das citadas clases é –ou non– a única causante das discrepancias observadas a nivel global e autonómico nas táboas 1 e 2, compararemos, desde a perspectiva da análise funcional, as distribucións de rendas proporcionadas polas dúas fontes consideradas neste traballo: a ECV e a CRE.

Táboa 4.- Ingresos medios persoais brutos de asalariados e de traballadores por conta propia, por ocupación

Ocupación do emprego principal actual ou do último emprego principal	TA-TC		TCP-TC		TA-TP		TCP-TP		RIM C.CP/T.asal.)	
	IBPM	%P	IBPM	%P	IBPM	%P	IBPM	%P	TC	TP
Forzas Armadas	25.174	99,5			21.000	0,2	13.351	0,2		63,6
Membros do poder executivo e de corpos lexislativos e directivos da Admón. Públ.	45.922	93,2	42.616	3,4	31.760	3,4			92,8	
Directores de empresa (en empresas ou organismos con tres ou máis directores)	55.412	66,4	26.565	32,1	30.771	0,7	11.474	0,7	47,9	37,3
Xerentes de empresa (inclúe dirección de empresa ou de organismo, por conta propia ou non, cun director e asistentes)	39.067	10,7	13.342	85,9	26.312	0,2	9.210	3,2	34,2	35,0
Profesionais das ciencias físicas, químicas e matemáticas e da enxeñería	40.265	85,2	27.259	12,1	22.968	1,6	25.768	1,1	67,7	112,2
Profesionais das ciencias biolóxicas, da medicina e da saúde	43.292	85,8	24.908	8,7	25.958	4,9	14.202	0,5	57,5	54,7
Profesionais da ensinanza	30.941	88,1	23.331	1,4	15.814	9,6	8.839	0,8	75,4	55,9
Outros profesionais científ. e intelectuais	37.283	72,4	23.104	20,4	18.509	5,7	10.489	1,5	62,0	56,7
Técnicos e profesionais de nivel medio de CC. físicas e químicas, enxeñería e afíns	32.811	86,4	13.529	9,6	14.591	3,6	10.889	0,4	41,2	74,6
Técnicos e profesionais de nivel medio de CC. biolóxicas, medicina e saúde	24.901	76,4	13.878	10,0	12.963	12,4	5.177	1,3	55,7	39,9
Mestres e instrutores de nivel medio	23.105	70,0	10.710	10,0	12.931	18,3	6.233	1,7	46,4	48,2
Outros técn. e profesionais de nivel medio	31.647	76,4	15.864	13,8	13.144	8,1	14.764	1,7	50,1	112,3
Oficinistas	27.602	88,0	17.293	2,3	15.125	9,0	10.731	0,7	62,7	70,9
Empregados en trato directo co público	22.246	81,5	12.470	2,8	12.179	15,1	7.145	0,6	56,1	58,7
Traballadores dos servizos persoais e dos servizos de protección e seguridade	21.531	70,2	9.976	12,6	9.916	15,9	8.666	1,2	46,3	87,4
Modelos, vendedores e demostradores	18.721	64,7	9.464	18,4	10.515	15,9	7.472	1,0	50,6	71,1
Agricultores e traballadores cualificados de explotacións agropecuarias, forestais e pesqueiras con destino ao mercado	16.442	30,9	8.787	63,9	9.372	1,6	8.223	3,6	53,4	87,7
Oficiais e operarios das industrias extractivas e da construción	23.068	77,7	13.866	20,5	15.387	1,3	10.590	0,5	60,1	68,8
Oficiais e operarios da metalurxia, da construción mecánica e afíns	26.664	85,9	13.223	12,7	13.756	1,2	-500	0,1	49,6	-3,6
Mecánicos de precisión, artesáns, operarios das artes gráficas e afíns	24.670	73,1	10.523	21,4	12.243	4,2	12.171	1,3	42,7	99,4
Outros oficiais, operarios e artesáns de artes mecánicas e doutros oficios	20.103	77,0	11.113	16,9	9.964	5,1	4.525	1,0	55,3	45,4
Operadores de instalacións fixas e afíns	29.001	94,8	20.996	3,7	9.492	1,6			72,4	
Operadores de máquinas e montadores	25.931	92,1	19.250	4,9	13.015	2,9	5.483	0,1	74,2	42,1
Condutores de vehículos e operadores de equipos pesados móbiles	25.002	78,2	13.363	19,3	14.198	2,1	6.363	0,4	53,4	44,8
Traball. non cualific. de vendas e servizos	16.834	60,6	10.716	5,1	8.428	31,2	7.278	3,1	63,7	86,4
Peóns agropec., forest., pesqueiros e afíns	10.962	75,7	7.662	13,9	7.272	8,6	5.986	1,7	69,9	82,3
Peóns da minería, construción, industria manufacturera e transporte	19.259	88,8	12.997	5,4	10.667	5,6	6.108	0,3	67,5	57,3

NOTA: TA-TC: Traballador asalariado a tempo completo; TCP-TC: Traballador por conta propia a tempo completo; TA-TP: Traballador asalariado a tempo parcial; TCP-TP: Traballador por conta propia a tempo parcial; RIM: Ratio de ingresos medios; IBPM: Ingresos brutos persoais medios; %P: % de persoas; TC: A tempo completo; TP: A tempo parcial.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

3. CONSTRUCCIÓN DA CONTA DE RENDAS DOS FOGARES A PARTIR DAS ECV NO MARCO DO SEC-95

3.1. METODOLOXÍA

A partir das variables recollidas na ECV (ondada do ano 2010) e da *Cuenta de Rentas del Sector de Hogares* da CRE (base 2008), para o ano de referencia dos ingresos recollidos naquela (2009) deseñouse e construíuse unha conta de rendas (brutas) para os fogares da ECV, con certo nivel de desagregación, que permite calcular e comparar aproximadamente os seus resultados e que, en consecuencia, permitirá analizar o nivel de congruencia existente a nivel funcional entre a información proporcionada por ambas as dúas fontes sobre as rendas dos fogares. A correspondencia entre conceptos CRE e ECV, así como o seu esquema de cálculo, preséntanse na táboa 5.

A ECV proporciona as rendas brutas dos membros dos fogares menores de 16 anos de forma agregada para o conxunto do fogar (variables *HI110G*). Estas rendas non poden ser salariais –por referirse a menores de 16 anos– nin rendas da propiedade –que se recollen de forma conxunta para todo o fogar nas variables *HY040G* e *HY090G*–, pero si poderían integrar rendas tanto por conta propia como derivadas de prestacións sociais de supervivencia –orfandade–, invalidez, enfermidade, axuda para estudos... Así pois, para poder comparar os agregados de rendas da CRE cos que calculemos das ECV sería preciso distribuír a variable *HI110G* entre as correspondentes partidas de rendas mixtas da conta de asignación das rendas primarias e de prestacións sociais da conta de distribución secundaria da renda, construídas para a ECV. Pero non hai información clara para iso na ECV.

Por outra parte, a ECV proporciona as rendas non monetarias asociadas ás rendas do traballo por conta propia –autoconsumos e autosubministracións– de forma neta e conxuntamente para todo o fogar (variable *HY170N*)⁵.

En relación coa remuneración dos asalariados, cómpre destacar que as rendas monetarias ou cuasi-monetarias do asalariado (variables *PY010* na ECV) non inclúen as correspondentes cotizacións sociais a cargo do empregador, que si se integran na partida de recursos da remuneración bruta dos asalariados da CRE. Por iso, é preciso engadila como un sumando máis á hora de construír a partida comparable.

Con respecto á partida rendas da propiedade, a ECV proporciona esta información unha vez restados dos ingresos declarados os correspondentes gastos deducibles. Por iso, aínda que na CRE é posible ter información tanto dos recursos como dos empregos separadamente para esas rendas da propiedade, vémonos obrigados a recorrer á diferenza *recursos – empregos* para poder comparar esta información entrambas as dúas fontes.

A suma das correspondentes rendas mixtas, rendas salariais e rendas da propiedade (brutas), así construídas a partir da ECV, permite aproximar o sal-

5 Na ECV do ano 2010 xa non se recollen *PY070G* e *PY070N*, como en anteriores ondadas.

do de rendas primarias (brutas) do fogar, que é comparable á partida B.5b da CRE.

Táboa 5.- Conta de rendas do sector de fogares: correspondencia da CRE e a ECV

Concepto CRE	Partida (bruta)	Concepto ECV	Variable (bruta)
II.1. Conta de asignación da renda primaria			
Excedente de explotación/Rendas mixtas (recursos)	B_2B3B_R	= RENDAS MIXTAS	
		+ Benef. ou perdas monetarias de traballadores por cta. propia (incluídos dereitos de prop. intelect.)	PY050G
		+ Valor de bens producidos para autoconsumo	HY170N
		+ Rendas mixtas percibidas por menores de 16 anos	N/D
Remuneración de asalariados (recursos)	D_1_R	= RENDAS SALARIAIS	
		+ Renda monetar. ou cuasi-monetaria do asalariado	PY010G
		+ Cotiz. sociais brutas a cargo do empregador	PY030G
		+ Renda non monetaria do asalariado	PY020G
Rendas da propiedade	D_4	= RENDAS DA PROPIEDAD (Ingresos – Gastos deducibles)	
		+ Xuros, dividendos e ganancias de investimentos de capital en empresas non constituídas en sociedade	HY090G HY040G
		+ Renda procedente do aluguer dunha propiedade ou dun terreo	
Saldo rendas primarias fogar (sen IAVP)	B_5B		
II.2. Conta de distribución secundaria da renda			
+ Prestacións sociais distintas das transf. sociais en especie (recursos)	D_62_R	= PRESTACIÓNS SOCIAIS	
		+ Prestacións por desemprego	PY090G
		+ Prestacións por xubilación/vellez	PY100G
		+ Prestacións por supervivencia	PY110G
		+ Prestacións por enfermidade	PY120G
		+ Prestacións por invalidez	PY130G
		+ Axudas para estudos	PY140G
		+ Axudas por familia/fillos	HY050G
		+ Axudas para vivenda	HY070G
		+ Exclusión social non clasificada noutro apartado	HY060G
		+ Rendas mixtas percibidas por menores de 16 anos	N/D
+ Outras transferencias correntes (recursos)	D_7_R	= TRANSFER. PERIÓD. PERCIBIDAS DOUTROS FOGARES	
		+ Transf. períód. monet. percibidas doutros fogares	HY080G
– Impostos correntes sobre a renda, patrimonio, etc. (empregos)	D_5_E	= IMPOSTO SOBRE A RENDA E O PATRIMONIO	
		– Imposto sobre o patrimonio	HY120G
		– Imposto sobre a renda	HY140G
– Cotizacións sociais (empregos)	D_61_E	= COTIZACIÓNS SOCIAIS	
		– Cotizacións sociais a cargo do empregador	PY030G
		– Cotizacións sociais a cargo do asalariado	N/D
– Outras transferencias correntes (empregos)	D_7_E	= TRANSFER. PERIÓD. PAGADAS A OUTROS FOGARES	
		– Transf. períód. monet. pagadas a outros fogares	HY130G
Renda dispoñible do fogar	B_6B		

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da CRE (base 2008) e da ECV do ano 2010.

Con respecto ás partidas da conta de distribución secundaria da renda, e á marxe do xa mencionado para as rendas dos menores de 16 anos, as transferencias correntes percibidas polos fogares como ingresos por prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie cadran bastante ben coa suma do conxunto de variables relativas ás prestacións sociais que recolle a ECV.

Así e todo, con respecto ao resto de transferencias correntes diversas, hai que ter en conta que a ECV só recolle transferencias monetarias *periódicas* recibidas doutros fogares, excluindo as *ocasionais* e, moi especialmente, os ingresos derivados das operacións con seguros (primas netas de seguros non-vida e indemnizacións), polo que cómpre esperar unha certa infravaloración desta partida.

A suma destas transferencias correntes percibidas polos fogares ao saldo das rendas primarias do fogar proporciónanos a renda total bruta do fogar, á que debemos restar impostos, cotizacións sociais e demais transferencias pagadas a outros fogares para obter a renda dispoñible (bruta) do fogar.

Neste sentido, debemos puntualizar que as partidas impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc. e cotizacións sociais foron necesariamente fusionadas para poder comparalas, xa que na ECV a variable cotizacións sociais a cargo do asalariado non se recolle separadamente senón agregada xunto cos impostos sobre a renda (na variable *HY140G*). Por outra parte, cómpre advertir da necesidade de incluír aquí, restando, as cotizacións sociais a cargo do empregador, que foi necesario introducir no cálculo da renda bruta do asalariado, sumando.

E con respecto ao resto de transferencias correntes diversas pagadas, ao igual que coas recibidas, a ECV só recolle transferencias monetarias *periódicas* pagadas a outros fogares, excluindo as *ocasionais*, polo que tamén aquí cómpre esperar unha certa infravaloración desta partida.

3.2. CÁLCULO DA CONTA DE RENDAS DOS FOGARES E ANÁLISE DE RESULTADOS

Coa metodoloxía exposta, calculamos as correspondentes partidas de ingresos agregadas dos fogares españois e das súas comunidades autónomas. Pero, antes de calculalas e despois de comprobar que os microdatos facilitados polo INE non presentan datos de rendas no dispoñibles, comparamos as poboacións de referencia en ambas as dúas fontes (a CRE e a ECV). Nas táboas 6 e 7 podemos observar unha diferenza dunhas 172.000 persoas, o que representa apenas un 0,38% sobre a poboación total española. Polo tanto, con algunhas diferenzas rexionais, este feito podería xustificar unhas desviacións das rendas totais rexionais agregadas próximas a esa cifra, segundo se desprende da táboa 7 (as maiores diferenzas poboacionais danse para Ceuta e Melilla cun +6,14% e cun -3,00% respectivamente).

Porén, en relación cos agregados das principais variables de rendas –saldo de rendas primarias brutas e renda dispoñible do fogar– podemos observar na táboa

7 que as diferenzas son substancialmente maiores: en torno ao 37,10% para a renda dispoñible bruta dos fogares respecto da CRE (447.211.926 miles de euros, segundo a ECV, fronte a 710.976.205 miles de euros para o conxunto nacional), e próxima ao 42,14% para o saldo de rendas primarias (472.798.480 miles de euros, segundo a ECV, e 772.435.862 miles de euros, segundo a CRE, para o conxunto nacional).

Por rexións, estas desviacións oscilan aproximadamente entre o 31% e o 49% e sempre, sistematicamente, co mesmo signo negativo, descartándose que se deban exclusivamente á aleatoriedade ou á falta de representatividade da mostra.

Dada a súa especial natureza, recollemos tamén nestas táboas a información relativa ás rendas non clasificadas dos menores de 16 anos (nas columnas “Outras rendas non clasificadas do fogar”). Como pode verse, os niveis declarados destas rendas (uns 487 millóns de euros no territorio nacional) son relativamente pequenos con respecto aos niveis rexionais agregados de renda dispoñible, non superando en ningún caso o seu 0,19%.

Táboa 6.- Agregados ECV vs. CRE, 2009 (miles de euros)

CC.AA.	A) Calculados a partir da ECV do ano 2010				B) Calculados a partir da CRE		
	Nº de persoas represent.	Outras rendas non clasificadas do fogar (brutas)	Saldo de rendas primarias brutas do fogar (sen IAVP)	Renda dispoñible do fogar (sen IAVP)	Nº de persoas	Saldo de rendas primarias do fogar	Renda dispoñible do fogar
Andalucía	8.198.176	70.221	66.322.689	66.037.857	8.177.351	106.819.605	103.397.909
Aragón	1.303.645	4.353	14.378.421	13.643.718	1.318.923	24.727.576	22.776.237
Asturias	1.047.726	13.897	10.385.147	10.939.423	1.057.145	16.484.899	16.731.095
Baleares	1.052.724	5.813	11.703.024	10.741.696	1.074.949	18.973.852	17.022.145
Canarias	2.081.774	18.043	18.159.690	16.943.236	2.085.980	29.048.838	26.664.295
Cantabria	573.197	8.522	5.418.660	5.689.117	577.885	9.542.737	9.185.975
Castela e León	2.473.526	19.506	24.596.149	24.575.571	2.510.631	40.752.441	39.167.280
Cast.-A Mancha	2.006.440	2.967	18.779.580	17.233.476	2.037.756	28.109.992	26.371.926
Cataluña	7.232.409	56.492	84.167.237	77.063.744	7.288.071	143.432.044	128.711.945
C. Valenciana	4.964.712	116.220	48.959.449	47.767.597	5.019.138	74.240.928	69.239.139
Extremadura	1.090.465	20.577	7.743.170	7.919.632	1.081.012	12.999.816	12.799.807
Galicia	2.732.320	28.084	26.271.595	26.729.176	2.737.034	40.624.517	39.833.630
Madrid	6.315.636	87.983	83.098.441	72.062.539	6.300.460	139.248.415	117.462.154
Murcia	1.484.513	16.291	11.822.127	11.340.657	1.452.150	20.182.411	18.706.731
Navarra	619.078	829	9.131.417	8.190.163	616.898	13.271.078	12.031.162
País Vasco	2.125.289	12.341	27.320.400	26.021.415	2.134.703	46.061.033	43.582.106
A Ríoxa	310.213	2.459	3.221.058	3.016.814	316.341	5.699.339	5.229.727
Ceuta	77.054	2.078	646.359	666.208	72.600	1.175.183	1.092.881
Melilla	68.333	602	673.867	629.888	70.447	1.041.158	970.061
España(sen E-R)	45.757.233	487.278	472.798.480	447.211.926	45.929.474	772.435.862	710.976.205

FONTE: Elaboración propia a partir dos microdatos da ECV do ano 2010 e da CRE.

Táboa 7.- Erros relativos da ECV sobre a CRE

CC.AA.	A) Sobre os valores da CRE		B) Sobre a RD rexional da CRE		
	Nº de persoas represent.	Saldo de rendas primarias brutas do fogar (sen IAVP)	Renda dispoñible do fogar (sen IAVP)	Outras rendas non clasificadas do fogar (brutas)	Saldo de rendas primarias brutas do fogar (sen IAVP)
Andalucía	0,25%	-37,91%	-36,13%	0,07%	-39,17%
Aragón	-1,16%	-41,85%	-40,10%	0,02%	-45,44%
Asturias	-0,89%	-37,00%	-34,62%	0,08%	-36,46%
Baleares	-2,07%	-38,32%	-36,90%	0,03%	-42,71%
Canarias	-0,20%	-37,49%	-36,46%	0,07%	-40,84%
Cantabria	-0,81%	-43,22%	-38,07%	0,09%	-44,90%
Castela e León	-1,48%	-39,64%	-37,25%	0,05%	-41,25%
Castela-A Mancha	-1,54%	-33,19%	-34,65%	0,01%	-35,38%
Cataluña	-0,76%	-41,32%	-40,13%	0,04%	-46,04%
C. Valenciana	-1,08%	-34,05%	-31,01%	0,17%	-36,51%
Extremadura	0,87%	-40,44%	-38,13%	0,16%	-41,07%
Galicia	-0,17%	-35,33%	-32,90%	0,07%	-36,03%
Madrid	0,24%	-40,32%	-38,65%	0,07%	-47,80%
Murcia	2,23%	-41,42%	-39,38%	0,09%	-44,69%
Navarra	0,35%	-31,19%	-31,93%	0,01%	-34,41%
País Vasco	-0,44%	-40,69%	-40,29%	0,03%	-43,00%
A Rioxa	-1,94%	-43,48%	-42,31%	0,05%	-47,39%
Ceuta	6,14%	-45,00%	-39,04%	0,19%	-48,39%
Melilla	-3,00%	-35,28%	-35,07%	0,06%	-37,86%
España (sen E-R)	-0,38%	-38,79%	-37,10%	0,07%	-42,14%

FONTE: Elaboración propia a partir dos microdatos da ECV do ano 2010 e da CRE.

Tamén sondamos as diferenzas observadas en función da tipoloxía das rendas. Neste sentido, nas táboas 8 a 11 recóllense para cada rexión os niveis agregados das partidas “comparables” construídas tanto para a CRE (táboa 8) como para a ECV (táboa 9), así como a cuantificación da importancia relativa das desviacións entre estas e aquelas con respecto aos agregados rexionais que presenta a CRE para as rendas dispoñibles dos fogares (táboa 10), e en relación cos correspondentes agregados rexionais que presenta a CRE (táboa 11).

Como era de esperar, obsérvanse infradeclaracións da ECV con respecto á CRE en ambas as dúas partidas de transferencias periódicas entre fogares, tanto per-cibidas como pagadas, con desviacións próximas ao 90% sobre os valores oficiais da CRE, representando preto do 6,7% das rendas dispoñibles agregadas de cada rexión. Con todo, son máis rechamantes as diferenzas que se observan nas partidas de rendas mixtas, para as que a ECV deixa de recoller o seu 85,21%. Es ta infradeclaración de rendas mixtas chega a representar aproximadamente un 25,69% da renda dispoñible agregada dos fogares españois pola CRE, e chega a ser de máis do 30% da súa renda dispoñible agregada no caso de Baleares.

Algo parecido sucede polo que respecta aos altos erros relativos por infradeclaración en relación cos valores oficiais da CRE –aínda que con menor importancia no seu efecto con respecto á renda rexional–, na partida de rendas da propiedade. Nela, a ECV deixa de recoller aproximadamente un 67,16% do calculado pola CRE, supoñendo un 3,68% da renda dispoñible agregada dos fogares españois.

Tamén as cotizacións sociais presentan un grao considerable de discrepancia para todas as rexións sobre os valores de CRE (próximo ao 48,5%), acumulando unha infradeclaración do 10,64% da renda dispoñible dos fogares españois, que se reparte, pouco máis pouco menos, entre as diferentes rexións. E, paralelamente, obsérvase unha información agregada de magnitude un pouco maior nas rendas salariais (un 12,85% da renda dispoñible dos fogares). Moi probablemente exista unha infradeclaración importante nas cotizacións sociais brutas a cargo do empregador, que forman parte tamén desta partida. Coas lóxicas diferenzas rexionais, o resto das partidas presenta desviacións menos importantes, como se observa tamén nas citadas táboas.

Táboa 8.- Agregados da CRE, 2009 (miles de euros)

CC.AA.	EE/RM recursos	RA recursos	RP	PS-PSE recursos	OTC recursos	IC-CS empregos	IC. empregos	CS empregos	OTC empregos
Andalucía	33.750.043	70.024.245	3.045.317	27.239.842	7.666.549	30.955.702	8.911.399	22.044.303	7.372.385
Aragón	7.186.975	15.990.566	1.550.035	5.373.798	1.423.177	7.268.578	2.404.168	4.864.410	1.479.736
Asturias	4.514.861	11.005.759	964.279	5.538.829	1.126.259	5.392.608	1.831.377	3.561.231	1.026.284
Baleares	6.063.857	12.180.579	729.416	3.326.751	1.388.155	5.223.208	1.664.103	3.559.105	1.443.405
Canarias	8.999.030	19.443.437	606.371	5.781.478	2.279.885	8.183.637	2.284.040	5.899.597	2.262.269
Cantabria	2.715.466	6.182.056	645.215	2.411.368	637.468	2.831.324	969.784	1.861.540	574.274
Cast. e León	12.781.483	25.448.345	2.522.613	9.980.004	2.852.101	11.691.482	3.666.786	8.024.696	2.725.784
Cast.-AM	8.051.941	18.809.730	1.248.321	6.460.495	1.780.131	8.123.755	2.369.357	5.754.398	1.854.937
Cataluña	37.257.638	97.894.925	8.279.481	29.780.575	8.851.702	44.198.742	15.374.145	28.824.597	9.153.634
C. Valenc.	21.694.607	48.602.160	3.944.161	16.231.037	5.565.311	21.115.678	6.611.931	14.503.747	5.682.459
Extremadura	3.954.356	8.520.481	524.979	3.538.386	1.032.645	3.803.374	1.040.943	2.762.431	967.666
Galia	12.075.523	26.474.433	2.074.561	10.701.200	3.066.468	11.997.585	3.619.941	8.377.644	2.560.970
Madrid	31.944.529	99.882.428	7.421.458	23.858.939	9.346.815	45.818.679	17.417.489	28.401.190	9.173.336
Murcia	6.013.896	13.386.052	782.463	4.432.994	1.452.256	5.760.389	1.634.830	4.125.559	1.600.541
Navarra	3.299.852	8.980.273	990.953	2.597.021	554.451	3.800.602	1.173.301	2.627.301	590.786
País Vasco	11.792.622	31.187.602	3.080.809	10.685.792	2.376.694	13.258.027	4.188.521	9.069.506	2.283.386
A Ríoxa	1.795.593	3.496.842	406.904	1.133.057	343.420	1.569.258	511.899	1.057.359	376.831
Ceuta	238.943	873.564	62.676	222.106	77.286	307.606	67.058	240.548	74.088
Melilla	198.785	796.523	45.850	197.809	70.227	275.904	57.634	218.270	63.229
España (sen E-R)	214.330.000	519.180.000	38.925.862	169.491.481	51.891.000	231.576.138	75.798.706	155.777.432	51.266.000

NOTA: EE/RM: Excedente explotación/Rendas mixtas; RA: Remuneración asalariados; RP: Rendas de propiedade; PS-PSE: Prestacións sociais distintas a prestacións sociais en especies; OTC: Outras transferencias correntes; IC-CS: Impostos correntes sobre renda, patrimonio, etc. e cotizacións sociais; IC: Impostos correntes sobre renda, patrimonio; CS: Cotizacións sociais; OTC: Outras transferencias correntes.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da CRE.

Táboa 9.- Agregados calculados a partir da ECV, 2009 (miles de euros)

CC.AA.	RMF (brutas)	RSF (brutas)	RBPF (I - GD)	PSF (brutas)	TPFF (brutas)	IRP-CS (bruto)	IRP (bruto)	CS (brutas)	TPPF (brutas)
Andalucía	5.179.160	59.739.221	1.334.087	19.990.145	313.836	20.039.033	9.453.372	10.585.662	549.777
Aragón	1.193.384	12.755.607	425.077	3.916.453	35.416	4.621.345	2.206.271	2.415.074	65.226
Asturias	863.305	9.127.290	380.655	3.768.571	43.765	3.201.049	1.518.769	1.682.279	57.011
Baleares	935.583	10.258.069	503.560	2.743.899	59.654	3.663.448	1.675.234	1.988.214	101.434
Canarias	1.145.745	16.685.882	310.020	4.293.982	69.392	5.461.596	2.382.450	3.079.145	118.231
Cantabria	446.468	4.778.038	185.632	1.986.869	30.279	1.716.295	776.597	939.698	30.395
Cast. e León	1.521.349	22.423.189	632.105	7.810.130	78.028	7.771.552	3.634.883	4.136.669	137.183
Cast.-AM	1.452.731	16.876.524	447.357	4.457.515	50.829	5.954.046	2.819.115	3.134.930	100.401
Cataluña	5.576.577	76.536.411	1.997.757	20.309.430	462.561	27.002.805	12.171.949	14.830.856	872.675
C. Valenciana	3.136.018	43.657.873	2.049.338	13.403.214	1.418.203	15.604.591	7.238.514	8.366.076	408.678
Extremadura	638.013	6.831.302	253.278	2.663.621	22.177	2.460.229	1.146.878	1.313.351	49.106
Galicia	2.837.437	22.535.877	870.197	8.801.602	75.913	8.262.707	3.894.827	4.367.880	157.226
Madrid	3.714.737	77.362.161	1.933.561	16.161.078	467.799	27.024.529	12.973.631	14.050.898	640.247
Murcia	715.594	10.919.684	170.559	3.291.364	40.121	3.684.291	1.563.195	2.121.096	128.664
Navarra	478.010	8.347.157	305.421	2.051.935	28.340	2.948.533	1.284.184	1.664.349	72.995
País Vasco	1.439.414	25.000.838	867.808	7.371.968	74.264	8.616.347	3.880.088	4.736.260	128.868
A Rioxa	331.153	2.792.296	95.150	810.298	8.740	999.814	452.286	547.528	23.468
Ceuta	52.443	587.973	3.866	149.524	7.579	133.359	62.789	70.570	3.896
Melilla	35.484	620.236	17.545	130.619	3.190	161.924	88.015	73.909	15.865
ES (sen E-R)	31.692.603	427.835.627	12.782.972	124.112.216	3.290.086	149.327.492	69.223.048	80.104.444	3.661.347

NOTA: RMF: Rendas mixtas do fogar; RSF: Rendas salariais do fogar; RBPF (I-GD): Rendas brutas da propiedade do fogar (Ingresos - Gastos deducibles); PSF: Prestacións sociais ao fogar; TPFF: Transferencias periódicas percibidas doutros fogares polo fogar; IRP-CS: Imposto sobre renda e patrimonio e cotizacións sociais; IRP: Imposto sobre renda e patrimonio; CS: Cotizacións sociais; TPPF: Transferencias periódicas pagadas a outros fogares; ES: España.

FONTE: Elaboración propia a partir dos microdatos da ECV do ano 2010.

Táboa 10.- Erros relativos sobre a renda dispoñible rexional da CRE

CC.AA.	RMF (brutas)	RSF (brutas)	RBPF (I - GD)	PSF (brutas)	TPFF (brutas)	IRP-CS (bruto)	IRP (bruto)	CS (brutas)	TPPF (brutas)
Andalucía	-27,63%	-9,95%	-1,65%	-7,01%	-7,11%	-10,56%	0,52%	-11,08%	-6,60%
Aragón	-26,32%	-14,20%	-4,94%	-6,40%	-6,09%	-11,62%	-0,87%	-10,75%	-6,21%
Asturias	-21,82%	-11,23%	-3,49%	-10,58%	-6,47%	-13,10%	-1,87%	-11,23%	-5,79%
Baleares	-30,13%	-11,29%	-1,33%	-3,42%	-7,80%	-9,16%	0,07%	-9,23%	-7,88%
Canarias	-29,45%	-10,34%	-1,11%	-5,58%	-8,29%	-10,21%	0,37%	-10,58%	-8,04%
Cantabria	-24,70%	-15,28%	-5,00%	-4,62%	-6,61%	-12,14%	-2,10%	-10,04%	-5,92%
Castela e León	-28,75%	-7,72%	-4,83%	-5,54%	-7,08%	-10,01%	-0,08%	-9,93%	-6,61%
Castela-AM	-25,02%	-7,33%	-3,04%	-7,60%	-6,56%	-8,23%	1,71%	-9,93%	-6,65%
Cataluña	-24,61%	-16,59%	-4,88%	-7,36%	-6,52%	-13,36%	-2,49%	-10,87%	-6,43%
C. Valenciana	-26,80%	-7,14%	-2,74%	-4,08%	-5,99%	-7,96%	0,90%	-8,86%	-7,62%
Extremadura	-25,91%	-13,20%	-2,12%	-6,83%	-7,89%	-10,49%	0,83%	-11,32%	-7,18%
Galicia	-23,19%	-9,89%	-3,02%	-4,77%	-7,51%	-9,38%	0,69%	-10,07%	-6,03%
Madrid	-24,03%	-19,17%	-4,67%	-6,55%	-7,56%	-16,00%	-3,78%	-12,22%	-7,26%
Murcia	-28,32%	-13,18%	-3,27%	-6,10%	-7,55%	-11,10%	-0,38%	-10,72%	-7,87%
Navarra	-23,45%	-5,26%	-5,70%	-4,53%	-4,37%	-7,08%	0,92%	-8,00%	-4,30%
País Vasco	-23,76%	-14,20%	-5,08%	-7,60%	-5,28%	-10,65%	-0,71%	-9,94%	-4,94%
A Rioxa	-28,00%	-13,47%	-5,96%	-6,17%	-6,40%	-10,89%	-1,14%	-9,75%	-6,76%
Ceuta	-17,06%	-26,13%	-5,38%	-6,64%	-6,38%	-15,94%	-0,39%	-15,55%	-6,42%
Melilla	-16,83%	-18,17%	-2,92%	-6,93%	-6,91%	-11,75%	3,13%	-14,88%	-4,88%
ES (sen E-R)	-25,69%	-12,85%	-3,68%	-6,38%	-6,84%	-11,57%	-0,92%	-10,64%	-6,70%

NOTA: RMF: Rendas mixtas do fogar; RSF: Rendas salariais do fogar; RBPF (I-GD): Rendas brutas da propiedade do fogar (Ingresos - Gastos deducibles); PSF: Prestacións sociais ao fogar; TPFF: Transferencias periódicas percibidas doutros fogares polo fogar; IRP-CS: Imposto sobre renda e patrimonio e cotizacións sociais; IRP: Imposto sobre renda e patrimonio; CS: Cotizacións sociais; TPPF: Transferencias periódicas pagadas a outros fogares; ES: España.

FONTE: Elaboración propia a partir dos microdatos da ECV do ano 2010 e dos datos da CRE.

Táboa 11.- Erros relativos sobre os valores oficiais rexionais da CRE

CC.AA.	RMF (brutas)	RSF (brutas)	RBPF (I – GD)	PSF (brutas)	TPPF (brutas)	IRP-CS (bruto)	IRP (bruto)	CS (brutas)	TPPF (brutas)
Andalucía	-84,65%	-14,69%	-56,19%	-26,61%	-95,91%	-35,27%	6,08%	-51,98%	-92,54%
Aragón	-83,40%	-20,23%	-72,58%	-27,12%	-97,51%	-36,42%	-8,23%	-50,35%	-95,59%
Asturias	-80,88%	-17,07%	-60,52%	-31,96%	-96,11%	-40,64%	-17,07%	-52,76%	-94,44%
Baleares	-84,57%	-15,78%	-30,96%	-17,52%	-95,70%	-29,86%	0,67%	-44,14%	-92,97%
Canarias	-87,27%	-14,18%	-48,87%	-25,73%	-96,96%	-33,26%	4,31%	-47,81%	-94,77%
Cantabria	-83,56%	-22,71%	-71,23%	-17,60%	-95,25%	-39,38%	-19,92%	-49,52%	-94,71%
Castiela e León	-88,10%	-11,89%	-74,94%	-21,74%	-97,26%	-33,53%	-0,87%	-48,45%	-94,97%
Castela-AM	-81,96%	-10,28%	-64,16%	-31,00%	-97,14%	-26,71%	18,98%	-45,52%	-94,59%
Cataluña	-85,03%	-21,82%	-75,87%	-31,80%	-94,77%	-38,91%	-20,83%	-48,55%	-90,47%
C. Valenciana	-85,54%	-10,17%	-48,04%	-17,42%	-74,52%	-26,10%	9,48%	-42,32%	-92,81%
Estremadura	-83,87%	-19,82%	-51,75%	-24,72%	-97,85%	-35,31%	10,18%	-52,46%	-94,93%
Galicia	-76,50%	-14,88%	-58,05%	-17,75%	-97,52%	-31,13%	7,59%	-47,86%	-93,86%
Madrid	-88,37%	-22,55%	-73,95%	-32,26%	-95,00%	-41,02%	-25,51%	-50,53%	-93,02%
Murcia	-88,10%	-18,42%	-78,20%	-25,75%	-97,24%	-36,04%	-4,38%	-48,59%	-91,96%
Navarra	-85,51%	-7,05%	-69,18%	-20,99%	-94,89%	-22,42%	9,45%	-36,65%	-87,64%
País Vasco	-87,79%	-19,84%	-71,83%	-31,01%	-96,88%	-35,01%	-7,36%	-47,78%	-94,36%
A Rioxa	-81,56%	-20,15%	-76,62%	-28,49%	-97,45%	-36,29%	-11,65%	-48,22%	-93,77%
Ceuta	-78,05%	-32,69%	-93,83%	-32,68%	-90,19%	-56,65%	-6,37%	-70,66%	-94,74%
Melilla	-82,15%	-22,13%	-61,73%	-33,97%	-95,46%	-41,31%	52,71%	-66,14%	-74,91%
España (sen E-R)	-85,21%	-17,59%	-67,16%	-26,77%	-93,66%	-35,52%	-8,68%	-48,58%	-92,86%

NOTA: RMF: Rendas mixtas do fogar; RSF: Rendas salariais do fogar; RBPF (I-GD): Rendas brutas da propiedade do fogar (Ingresos – Gastos deducibles); PSF: Prestacións sociais ao fogar; TPPF: Transferencias periódicas percibidas doutros fogares polo fogar; IRP-CS; Imposto sobre renda e patrimonio e cotizacións sociais; IRP: Imposto sobre renda e patrimonio; CS: Cotizacións sociais; TPPF: Transferencias periódicas pagadas a outros fogares.

FONTE: Elaboración propia a partir dos microdatos da ECV do ano 2010 e dos datos da CRE.

O sistematicamente xeneralizado signo negativo das diferenzas observadas alértanos dunha certa desviación sistemático de observación (infradeclaración xeneralizada) e anímanos a investigar sobre a posibilidade de corrección desa desviación en busca dunha distribución de rendas máis realista. Só a partida de “Impostos sobre a renda e o patrimonio” presenta diferentes signos das diferenzas ECV/CRE para as distintas comunidades autónomas; aínda que tamén é aquela na que as diferenzas teñen menor importancia relativa sobre as rendas dispoñibles rexionais agregadas (0,92%).

4. CORRECCIÓN DAS DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS

Obviamente, os diferentes graos de infradeclaración (ocultación, en adiante) rexistrados nos distintos tipos de rendas, que se atopan á súa vez asociados con distintos grupos de persoas, poden desviar a estimación da verdadeira distribución persoal das rendas, dándolles máis peso económico aos que menos ocultan en detrimento dos que, ingresando máis, tamén ocultan máis. Iso conduciría a obter deficientemente os indicadores máis básicos do comportamento desa distribución e que se poden empregar para establecer políticas redistributivas, como é

particularmente o caso dos indicadores de desigualdade e pobreza con indesexables consecuencias.

Así pois, dedicaremos o resto do traballo a avaliar como podería cambiar a distribución persoal da renda se, con base no exposto nos apartados anteriores, se intentara algún tipo de corrección obxectiva sobre os microdatos orixinais, tal e como se propón a continuación, co ánimo de corrixir as deficiencias observadas.

4.1. UNHA PROPOSTA ELEMENTAL PARA A CORRECCIÓN DOS MICRODATOS

Supoñamos que nunha clase C de persoas, representada por unha mostra de n casos i con factores de elevación w_i , se detecta unha ocultación agregada O para unha certa variable Z na que os casos presentan valores declarados z_i .

Para obtermos a formulación matemática da proposta de corrección realizada neste traballo, partiremos admitindo as seguintes hipóteses:

- (H1) a ocultación O_i nunha variable Z , imputable a cada caso i da clase C , é do mesmo signo que a ocultación total agregada nesa clase O .
- (H2) a ocultación O_i nunha variable Z , imputable a cada caso i da clase C , é directamente proporcional ao nivel do valor declarado x_i nalgunha variable X (explicativa da ocultación) con respecto ao seu menor valor observado, de forma que se pode calcular $O_i = t_i \cdot (x_i - \min(X))$, sendo t_i a que chamaremos “taxa de ocultación” con respecto a ese nivel, $t_i = O_i / (x_i - \min(X))$.
- (H3) a anterior taxa de ocultación t_i dun caso i depende linealmente do nivel presentado polo caso i , con respecto ao seu menor valor observado, nalgunha variable Y que nos informa sobre a súa intensidade, de forma que $t_i = a + b \cdot (y_i - \min(Y))$.

Admitidas estas hipóteses, o microdato corrixido para o caso i na variable Z tomará o novo valor $z_i + O_i$. O problema redúcese, pois, a atopar a ocultación O_i imputable a cada caso i , sabendo que o seu factor de elevación é w_i , que presenta valores observados x_i e y_i para as variables X e Y , respectivamente, e que debe verificarse que:

$$O = \sum_{i=1}^n w_i O_i = \sum_{i=1}^n w_i t_i (x_i - \min X) = \sum_{i=1}^n w_i (a + b(y_i - \min Y))(x_i - \min X)$$

Notando $\tilde{x}_i = x_i - \min X$ e $\tilde{y}_i = y_i - \min Y$, a hipótese H1 implica, necesariamente, que os signos da a e b deben ser os mesmos que o de O , podendo ser nulos. E das hipóteses H2 e H3, dedúcese que:

$$O = \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i (a + b \tilde{y}_i) = a \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i + b \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i \Leftrightarrow b = \frac{O - a \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i}$$

de onde, de forma xeral, a ocultación imputable ao caso i será:

$$O_i = a \tilde{x}_i + \frac{O - a \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} \tilde{x}_i \tilde{y}_i = \frac{\tilde{x}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} \left\{ a \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i + O \tilde{y}_i - a \tilde{y}_i \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \right\}$$

Tendo o anterior en conta, o valor absoluto da pendente b será máximo (máxima progresividade na ocultación) cando $a = 0$, en cuxo caso valerá:

$$b_{\max} = \frac{O}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i}$$

E expresando b como unha certa proporción k da máxima posible, b_{\max} , poderemos expresar a , en función daquela, como:

$$b = \frac{O - a \sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} = k b^* = k \frac{O}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} \Leftrightarrow a = \frac{(1-k)O}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i}$$

En consecuencia, a ocultación imputada á observación i na variable Z e o seu correspondente valor corrixido na dita variable serán, respectivamente:

$$O_i = \tilde{x}_i O \left\{ \frac{1-k}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i} + \frac{k \tilde{y}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} \right\}$$

$$z_{corr,i} = z_i + O_i = z_i + \tilde{x}_i O \left\{ \frac{1-k}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i} + \frac{k \tilde{y}_i}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i} \right\}$$

Casos particulares. Destacan as situacións de mínima e de máxima progresividade na taxa de ocultación, que nos conducen ás expresións para a corrección:

Taxa de ocultación constante
($k = 0$)

$$z_{corr,i} = z_i + O_i = z_i + \frac{\tilde{x}_i O}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i}$$

Taxa de ocultación de máxima progresividade
($k = 1$)

$$z_{corr,i} = z_i + O_i = z_i + \frac{\tilde{x}_i \tilde{y}_i O}{\sum_{i=1}^n w_i \tilde{x}_i \tilde{y}_i}$$

4.2. APLICACIÓN DA PROPOSTA Á CORRECCIÓN DOS MICRODATOS DA ECV

Dado que a CRE nos proporciona agregados comparables para as diferentes partidas da conta de renda dos fogares, calculadas neste traballo para a ECV e cada comunidade autónoma, consideraremos estas como as diferentes clases C ás que fai referencia o método de corrección proposto, e as partidas comparables como as diferentes variables Z para as que se coñece a ocultación O en cada clase, e que queremos corrixir. Posto que o obxectivo do noso traballo é unha primeira valoración sobre a adecuación da aplicación de métodos de corrección dos microdatos, optamos nesta primeira ocasión pola aplicación do método proposto a cada variable Z e en cada clase C en dúas situacións hipotéticas distintas: por un lado, a de mínima progresividade da ocultación (taxa de ocultación constante, $k = 0$); e, por outro lado, a de progresividade da ocultación intermedia entre a mínima e a máxima posibles (taxa de ocultación lineal con $k = 1/2$).

Para adecuar o procedemento proposto ao caso en que a taxa de ocultación t_i puidera depender directamente para o seu cálculo $t_i = a + b \cdot (y_i - \min(Y))$ non dunha única variable Y senón de varias covariables Y_1, Y_2, \dots, Y_k , relacionadas todas con aquela nunha mesma dirección, calcularemos a partir destas variables a norma euclídea do seu vector de coordenadas estandarizadas no cadrado $[0;1] \times [0;1]$ e utilizáremola como único indicador unidimensional Y , resumo de todas elas:

$$y_i = \sqrt{\sum_{p=1}^k \left(\frac{y_{p,i} - \min(Y_p)}{\max(Y_p) - \min(Y_p)} \right)^2}$$

E para a concreción aplicada do método proposto, non dispoñendo para este traballo de máis información externa que a proporcionada pola ECV e a CRE, a continuación expoñeranse as principais decisións adoptadas nel para particularizar en cada caso os criterios de cálculo da ocultación para os distintos tipos de ingresos: relacións de dependencia empregadas para o cálculo das taxas de ocultación e das cantidades ocultadas baseándonos nas evidencias atopadas nas seccións anteriores, moi especialmente na sección 3 (aínda que non todos os detalles foron recollidos alí, por limitacións de espazo, si se fará uso de todas as convenientes).

Previamente, para a redistribución das rendas percibidas polos menores de 16 anos (*HY110G*) entre as rendas por conta propia e as prestacións sociais dun fogar, cando se presentan aquelas, dada a escasa importancia agregada desta partida, decidiuse repartilas entre as variables renda monetaria por conta propia e total de prestacións sociais do fogar calculadas a partir de ECV, de forma proporcional ás infradeclaracións agregadas para España nas correspondentes partidas.

Para corrixir as rendas mixtas declaradas na ECV por cada persoa (X no método de corrección) de cada rexión (C no método de corrección), tívose en conta que, aproximadamente, un 40% das persoas que declararon ter unha actividade por conta propia ($PL031 = 3$ ou 4) declararon rendas monetarias nulas ou negativas deste tipo ($PY050G$). Ao non se atopar anomalías significativas en relación cos autoconsumos ($HY170N$), que se recollen netos e de forma conxunta para o fogar, que presentan pouca importancia e que se concentran principalmente nos activos agrarios, decidiuse repartir a ocultación nestas rendas mixtas entre as persoas que declararon traballar por conta propia (aínda que declararan rendas nulas deste tipo) e todas aquelas que declararon algunha renda monetaria do traballo por conta propia non nula, aínda que a súa actividade principal non fora a de traballador por conta propia. A ocultación de cada persoa neste tipo de rendas faise depender do total das rendas mixtas declaradas polo fogar (X no método de corrección), empregándose para o cálculo da súa taxa de ocultación persoal como covariables a renda monetaria por conta propia declarada por cada persoa (Y_1 no método de corrección) e a renda propia *per capita* declarada polo seu fogar de residencia (Y_2 no método de corrección) como indicadores da progresividade da ocultación da persoa, considerando a contorna do seu fogar.

En relación coas rendas salariais, non se observaron anomalías significativas para as rendas persoais monetarias por conta allea ($PY010G$) nin para as non monetarias ($PY020G$). Porén, aproximadamente un 20% das persoas que reciben algún tipo de renda salarial non declaran cotizacións sociais a cargo do empregador ($PY030G$). Isto, unido a que as infradeclaracións agregadas en cotizacións sociais calculadas con respecto á CRE son practicamente tan importantes en volume como as atopadas no conxunto das rendas salariais, fai que se decidira repartir a ocultación nestas rendas entre as persoas que declararon ter algunha renda de tipo salarial non nula. A ocultación de cada persoa neste tipo de rendas faise depender da suma das rendas persoais salariais monetarias e non monetarias, empregándose para o cálculo da súa taxa de ocultación persoal como covariables a renda persoal monetaria por conta allea declarada por cada persoa e o cociente entre esta e as cotizacións sociais *per capita* declaradas no seu fogar, como indicador do tamaño da potencial infradeclaración incorrida nesta partida deste tipo de rendas.

As rendas da propiedade recóllense de forma conxunta para o fogar. Obsérvase que as maiores rendas medias de capital declaradas ($HY090G$) se presentan, por orde, nos fogares cuxa persoa de referencia é empresario non agrario con asalariados, cadro superior e inactivo, seguidos do resto de empresarios. Pola súa parte, as maiores rendas medias declaradas procedentes dos alugueiros de propiedades ($HY040G$) preséntanse, por orde, nos fogares cuxa persoa de referencia é empresario con asalariados (agrarios e non agrarios), empresarios non agrarios sen asalariados, cadros superiores e inactivos. Como pode observarse, nos fogares dos grupos de empresarios parece haber capacidade de aforro e investimento, a pesar

de que as súas rendas do traballo declaradas adoitan ser xeralmente baixas. Por iso decidiuse repartir a ocultación nestas rendas da propiedade entre as persoas dos fogares que declararon algunha renda deste tipo, facendo depender destas a ocultación de cada persoa, e empregándose para o cálculo da súa taxa de ocultación persoal como covariables as rendas persoais monetarias tanto por conta propia como allea, así como indicadores do tamaño da súa contribución ao aforro do fogar.

Non se observan comportamentos singulares nos ingresos persoais por prestacións sociais por desemprego, xubilación, invalidez, enfermidade, estudos nin supervivencia. Tampouco para os das prestacións sociais recollidas conxuntamente para o fogar (axudas a vivenda, a familias, e non clasificadas). Por iso, decidiuse repartir a ocultación en prestacións sociais entre as persoas cuxos fogares recibiron algún ingreso por calquera tipo delas, facendo depender do total destas a ocultación persoal de cada individuo e empregándose como covariable para o cálculo da súa taxa de ocultación persoal a suma de prestacións sociais recibidas pola persoa.

Polo que respecta aos impostos sobre a renda e o patrimonio (*HY120G* e *HY140G*), obsérvase unha ocultación conxunta relativamente pequena. Decidiuse repartir a ocultación observada entre as persoas cuxos fogares teñen rendas dispoñibles positivas, facendo depender a ocultación de cada persoa da renda *per capita* no seu fogar de residencia, e empregándose para calcular a taxa de ocultación persoal como covariables as rendas da propiedade e do fogar (como indicador do nivel patrimonial do fogar) e o cociente entre a renda dispoñible do fogar e os impostos declarados sobre renda e patrimonio (como indicador do nivel potencial da infradeclaración incorrida neste tipo de rendas).

Segundo se argumentou anteriormente para as rendas salariais, decidiuse repartir a ocultación nas cotizacións sociais entre as persoas que declararon ter algunha renda salarial non nula. A ocultación de cada persoa neste tipo de rendas faise depender da suma das rendas persoais salariais monetarias e non monetarias, empregándose para o cálculo da súa taxa de ocultación persoal como covariables a renda persoal monetaria por conta allea declarada por cada persoa, e o cociente entre esta e as cotizacións sociais *per capita* declaradas no seu fogar como indicador do tamaño da potencial infradeclaración incorrida nesta partida deste tipo de rendas.

As transferencias recibidas doutros fogares (*HY080G*) recóllense moi escasamente e, dado que a súa contía é relativamente pequena, decidiuse repartir a ocultación observada nelas entre as persoas cuxos fogares teñen rendas dispoñibles non nulas, facendo depender a ocultación de cada persoa da renda *per capita* no seu fogar de residencia, e empregándose como covariables para calcular a taxa de ocultación persoal as transferencias correntes recibidas doutros fogares declaradas no fogar e o valor oposto da renda *per capita* no fogar (como indicador da suficiencia económica: a maior renda *per capita* menor propensión a recibir transferencias doutros fogares).

Por último, e polo que respecta ás transferencias correntes pagadas a outros fogares (HY130G), cómpre sinalar que tamén se recollen moi escasamente e, dado que a súa contía é relativamente pequena, decidiuse repartir a ocultación observada nelas entre as persoas cuxos fogares teñen rendas dispoñibles positivas, facendo depender a ocultación de cada persoa da renda *per capita* no seu fogar de residencia, e empregándose para calcular a taxa de ocultación persoal como covariables as transferencias correntes pagadas a outros fogares declaradas no fogar e a renda *per capita* no fogar (como indicador da suficiencia económica: a maior renda *per capita* maior propensión a enviar transferencias a outros fogares).

4.3. RESULTADOS DO PROCESO DE CORRECCIÓN

Coa metodoloxía e cos criterios prácticos expostos ata este momento, procedeuse a corrixir os microdatos da ECV, presentándose nas táboas 12 a 18 os principais indicadores resultantes das distribucións persoais de rendas corrixidas mediante os dous procedementos seleccionados: por un lado, a taxa de ocultación constante ($k = 0$) e, por outro, a taxa de ocultación lineal de progresividade media ($k = 1/2$).

Como pode observarse na táboa 12, ambas as dúas correccións respectan escrupulosamente os agregados da CRE, reproducíndoos fielmente e proporcionando as mesmas rendas *per capita* medias que a CRE para todas as rexións. Non obstante, é de notar que as correccións realizadas responden a dous graos diferentes de progresividade nas ocultacións incorridas e, loxicamente, se manifestan en lixeiras diferenzas a nivel rexional para as rendas equivalentes e os indicadores de desigualdade e pobreza.

Por outra parte, a táboa 13 mostra unha reordenación das rendas medias e dos indicadores de pobreza máis acorde coa intuición que a presentada polos microdatos da ECV, segundo se viu na sección 3 (táboa 3), aínda que con niveis un tanto extremos para o caso das catro categorías de empresarios, que pasaron de presentar 6.199 euros, 6.008 euros, 9.167 euros e 7.639 euros de rendas dispoñibles *per capita* medias, respectivamente, segundo a súa orde nas táboas, a tomar valores nos seguintes intervalos: entre os 43.640 euros e os 49.136 euros, (entre os 41.892 euros e os 41.376 euros, entre os 53.953 euros e os 60.371 euros e entre os 49.961 euros e os 51.148 euros). Quizais sexa excesivo que vexan multiplicadas as súas rendas declaradas aproximadamente por 7, pero tampouco hai que esquecer que lles fixemos recibir a maior parte da grande ocultación observada nas rendas do traballo por conta propia e nas da propiedade. O mesmo sucede coas taxas de pobreza nestas categorías, máis acordes coa intuición polo que respecta á súa ordenación, aínda que con valores un tanto pequenos. E a desigualdade parece reducirse de xeito razoable. Cómpre sinalar, así mesmo, que máis información no proceso podería mellorar a redistribución do proceso de corrección.

Táboa 12.- Renda dispoñible bruta segundo a comunidade autónoma de residencia do fogar

	PV	NA	MA	CAT	AR	RI	CAN	BA	AS	CL	CEU
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante											
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)											
Persoas na mostra	20.416	19.503	18.643	17.661	17.269	16.532	15.896	15.835	15.827	15.601	15.053
Proporc. poboación represent. (%)	131,89	125,99	120,44	114,09	111,56	106,80	102,69	102,30	102,24	100,78	97,25
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)											
Renda media	30.106	29.040	28.487	26.502	25.233	24.604	23.823	23.287	23.472	23.714	24.261
Índ. posicionam. da media (%)	128,49	123,94	121,58	113,11	107,70	105,01	101,68	99,39	100,18	101,21	103,55
Participación da clase na renda total (%)	5,97	1,66	16,68	17,95	3,09	0,72	1,28	2,33	2,31	5,53	0,16
Índice de Gini	0,392	0,408	0,420	0,400	0,380	0,428	0,406	0,429	0,339	0,398	0,477
Taxa pobreza (limiar de pobreza: 9.957 €)	0,087	0,088	0,107	0,118	0,102	0,165	0,174	0,190	0,105	0,167	0,280
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva (<i>k</i> = 0,5)											
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)											
Renda media	20.416	19.503	18.643	17.661	17.269	16.532	15.896	15.835	15.827	15.601	15.053
Índ. posicionam. da media (%)	131,89	125,99	120,44	114,09	111,56	106,80	102,69	102,30	102,24	100,78	97,25
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros), segundo a ECV											
Renda media	30.045	28.929	28.484	26.468	25.163	24.641	23.910	23.300	23.375	23.668	24.153
Índ. posicionam. da media (%)	128,40	123,63	121,73	113,11	107,54	105,31	102,18	99,57	99,90	101,15	103,22
Participación da clase na renda total (%)	5,97	1,66	16,70	17,95	3,09	0,73	1,29	2,33	2,30	5,53	0,16
Índice de Gini	0,397	0,414	0,421	0,407	0,387	0,443	0,415	0,430	0,351	0,404	0,498
Taxa pobreza (limiar de pobreza: 9.973 €)	0,093	0,081	0,117	0,124	0,107	0,175	0,173	0,181	0,103	0,159	0,298
NOTA: PV: País Vasco; NA: Navarra; MA: Madrid; CAT: Cataluña; AR: Aragón; RI: A Ríoxa; CAN: Cantabria; BA: Baleares; AS: Asturias; CL: Castela e León; CEU: Ceuta.											
	GA	CV	ME	CAM	MU	CA	AN	ES	España no seu conxunto		
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante											
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)											
Persoas na mostra	14.554	13.795	13.770	12.942	12.882	12.783	12.644	11.841	15.480		
Proporción da poboación represent. (%)	94,02	89,12	88,96	83,60	83,22	82,58	81,68	76,49	100		
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)											
Renda media	21.695	21.053	21.789	19.588	20.337	19.201	19.500	18.314	23.430		
Índice de posicionamento da media (%)	92,60	89,85	93,00	83,60	86,80	81,95	83,23	78,16	100		
Participación da clase na renda total (%)	5,52	9,82	0,14	3,71	2,74	3,72	14,82	1,84	100		
Índice de Gini	0,393	0,406	0,353	0,412	0,426	0,461	0,444	0,416	0,423		
Taxa pobreza (limiar pobreza: 9.957 €)	0,176	0,225	0,184	0,268	0,262	0,328	0,295	0,327	0,192		
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva (<i>k</i> = 0,5)											
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)											
Renda media	14.554	13.795	13.770	12.942	12.882	12.783	12.644	11.841	15.480		
Índ. posicionam. da media (%)	94,02	89,12	88,96	83,60	83,22	82,58	81,68	76,49	100		
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros), segundo a ECV											
Renda media	21.639	21.023	21.703	19.557	20.337	19.154	19.472	18.332	23.400		
Índice de posicionamento da media (%)	92,47	89,84	92,75	83,58	86,91	81,86	83,21	78,34	100		
Participación da clase na renda total (%)	5,51	9,82	0,14	3,71	2,75	3,72	14,82	1,84	100		
Índice de Gini	0,391	0,403	0,385	0,411	0,423	0,459	0,447	0,414	0,426		
Taxa pobreza (limiar pobreza: 9.957 €)	0,166	0,213	0,213	0,256	0,253	0,315	0,290	0,312	0,190		
NOTA: GA: Galicia; CV: Comunidade Valenciana; ME: Melilla; CAM: Castela-A Mancha; MU: Murcia; CA: Canarias; AN: Andalucía; ES: Extremadura.											

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Contabilidade Rexional de España (base 2008) e da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

Táboa 13.- Renda dispoñible bruta segundo a categoría socioeconómica da persoa

	N/D	M-16	EA-CA	EA-SA	RAA	ENA-CA	ENA-SA
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante							
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)							
Renda media	11.339	11.014	43.640	41.892	11.165	53.953	49.961
Índice de posicionamento da media (%)	73,25	71,15	281,92	270,63	72,13	348,54	322,75
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)							
Renda media	17.833	19.901	69.144	61.705	17.144	79.919	73.785
Índice de posicionamento da media (%)	76,11	84,94	295,11	263,35	73,17	341,09	314,91
Participación da clase na renda total (%)	1,17	13,56	0,50	1,68	0,82	6,83	11,29
Índice de Gini	0,279	0,424	0,336	0,275	0,373	0,348	0,294
Taxa de pobreza (limiar da pobreza: 9.957 €)	0,158	0,275	0,000	0,009	0,244	0,041	0,018
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)							
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)							
Renda media	11.167	10.581	49.136	41.376	11.017	60.371	51.148
Índice de posicionamento da media (%)	72,14	68,35	317,42	267,29	71,17	390,00	330,42
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)							
Renda media	17.584	19.123	77.779	60.753	16.915	89.108	75.804
Índice de posicionamento da media (%)	75,15	81,72	332,40	259,63	72,29	380,81	323,95
Participación da clase na renda total (%)	1,16	13,04	0,56	1,66	0,81	7,62	11,61
Índice de Gini	0,263	0,401	0,446	0,333	0,357	0,441	0,365
Taxa de pobreza (limiar da pobreza: 9.957 €)	0,140	0,269	0,042	0,014	0,231	0,045	0,022
NOTA: M-16: Menores de 16 anos; EA-CA: Empresarios agrarios con asalariados; EA-SA: Empresarios agrarios sen asalariados; RAA: Resto activos agrarios; ENA-CA: Empresarios non agrarios con asalariados; ENA-SA: Empresarios non agrarios sen asalariados.							
	CS-NA	RE-CNA	E-NCNA	FF.AA.	P-F-SM-PSS	IN	España em conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante							
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)							
Renda media	21.617	14.404	11.271	14.225	10.348	13.331	15.480
Índ. posicionam. da media (%)	139,65	93,05	72,81	91,89	66,85	86,12	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)							
Renda media	32.248	21.940	17.289	21.792	15.962	18.414	23.430
Índ. posicionam. da media (%)	137,64	93,64	73,79	93,01	68,13	78,59	100
Particip. clase na renda total (%)	9,26	19,33	2,98	0,26	11,06	21,27	100
Índice de Gini	0,292	0,307	0,314	0,252	0,379	0,346	0,423
T. pobreza (l. pobreza: 9.957 €)	0,034	0,105	0,214	0,038	0,324	0,207	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)							
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)							
Renda media	20.803	14.274	11.099	13.936	10.057	13.453	15.480
Índ. posicionam. da media (%)	134,39	92,21	71,70	90,03	64,97	86,91	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)							
Renda media	31.078	21.758	17.018	21.384	15.517	18.547	23.400
Índ. posicionam. da media (%)	132,81	92,98	72,73	91,39	66,31	79,26	100
Particip. clase na renda total (%)	8,94	19,19	2,93	0,25	10,77	21,45	100
Índice de Gini	0,300	0,295	0,293	0,243	0,365	0,349	0,426
T. pobreza (l. pobreza: 9.957 €)	0,041	0,091	0,197	0,053	0,323	0,214	0,190
NOTA: M CS-NA: Cadros superiores non agrarios; RE-CNA: Resto empregados cualificados non agrarios; E-NCNA: Empregados non cualificados non agrarios; FF.AA.: Forzas Armadas; P-F-SM-PSS: Parados, formación, servizo militar ou prestación social substitutoria; IN: Inactivos.							

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

As táboas 14, 15, 16, 17 e 18 (clasificacións por grupos de idade, tipos de hábitat, nivel de estudos, sexo e nacionalidade) presentan resultados en xeral máis acordes coa intuición que os orixinalmente calculados. Así, nas rendas medias e nos indicadores de pobreza da táboa 14 parece terse corrixido unha boa parte do efecto singular comentado na sección 3 para as persoas de entre 25 e 35 anos. A táboa 15 mostra que se tenden a igualar as rendas nas zonas pouco e medianamente poboadas, respectando as maiores rendas nas zonas moi poboadas e incrementándose a desigualdade en todas as categorías. A táboa 16 mostra que non se mantén a escala crecente de rendas cos niveis de estudos e, á inversa, a escala decrecente das taxas de pobreza. As rendas de homes e mulleres sepáranse máis a favor dos homes, segundo mostra a táboa 17. Na táboa 18 pode verse que se mantén a mesma relación de orde observada de forma directa sobre as rendas en función das nacionalidades.

Táboa 14.- Renda dispoñible bruta segundo el grupo de idade da persoa

	N/D	Menores de 16 anos	Máis de 16 anos e ata 25 anos	Máis de 25 anos e ata 35 anos	Máis de 35 anos e ata 45 anos	Máis de 45 anos e ata 55 anos	Máis de 55 anos e ata 65 anos	Máis de 65 anos	España no seu conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante									
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)									
Renda media	12.904	10.832	10.848	17.518	17.677	17.554	19.523	14.226	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	83,36	69,98	70,08	113,17	114,19	113,40	126,12	91,90	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)									
Renda media	23.062	19.597	16.884	25.989	28.054	26.359	27.459	18.703	23.430
Índice de posicionamento da media (%)	98,43	83,64	72,06	110,92	119,74	112,50	117,19	79,82	100
Participación da clase na renda total (%)	1,38	12,18	7,88	18,28	19,86	15,45	12,46	12,51	100
Índice de Gini	0,405	0,425	0,358	0,419	0,455	0,425	0,439	0,327	0,423
Taxa pobreza (limiar da pobreza: 9.957 €)	0,184	0,284	0,280	0,143	0,173	0,164	0,142	0,175	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)									
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)									
Renda media	12.237	10.422	10.624	17.362	17.758	17.671	20.008	14.471	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	79,05	67,32	68,63	112,16	114,72	114,16	129,25	93,48	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)									
Renda media	21.895	18.856	16.529	25.760	28.198	26.574	28.103	19.013	23.400
Índice de posicionamento da media (%)	93,57	80,58	70,64	110,09	120,51	113,56	120,10	81,25	100
Participación da clase na renda total (%)	1,31	11,73	7,72	18,15	19,99	15,60	12,77	12,73	100
Índice de Gini	0,380	0,403	0,346	0,419	0,464	0,438	0,458	0,336	0,426
Taxa pobreza (limiar da pobreza: 9.957 €)	0,177	0,278	0,271	0,139	0,165	0,161	0,144	0,187	0,190

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

Táboa 15.- Renda dispoñible bruta segundo tipo de hábitat do fogar

	Zona moi poboada	Zona medianamente poboada	Zona pouco poboada	España no seu conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante				
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)				
Renda media	16.521	14.337	14.398	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	106,73	92,62	93,01	100,00
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)				
Renda media	24.812	22.013	21.913	23.430
Índice de posicionamento da media (%)	105,90	93,95	93,53	100,00
Participación da clase na renda total (%)	54,63	20,48	24,89	100,00
Índice de Gini	0,404	0,438	0,441	0,423
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 9.957 €)	0,153	0,224	0,242	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)				
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)				
Renda media	16.502	14.397	14.386	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	106,60	93,00	92,94	100,00
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)				
Renda media	24.754	22.055	21.875	23.400
Índice de posicionamento da media (%)	105,79	94,26	93,49	100,00
Participación da clase na renda total (%)	54,57	20,55	24,88	100,00
Índice de Gini	0,407	0,440	0,442	0,426
Taxa de pobreza (limiar de pobreza: 9.973 €)	0,154	0,216	0,236	0,190

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.**Táboa 16.-** Renda dispoñible bruta segundo o nivel de estudos da persoa

	N/D	Menores de 16 anos	Sen estudos	Educ. primaria	Secund. 1ª etapa	Secund. 2ª etapa	Estudios superiores e asimilados	España no seu conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante								
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)								
Renda media	11.252	11.014	9.860	13.249	15.058	17.462	21.382	15.480
Índ. posicionam. da media (%)	72,69	71,15	63,69	85,59	97,28	112,80	138,13	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)								
Renda media	17.521	19.901	13.602	18.779	22.696	26.133	31.686	23.430
Índ. posicionam. da media (%)	74,78	84,94	58,05	80,15	96,87	111,54	135,24	100
Particip. clase na renda total (%)	1,25	13,56	2,49	16,13	19,59	19,01	27,97	100
Índice de Gini	0,270	0,424	0,276	0,383	0,434	0,431	0,389	0,423
T. pobreza (l. pobreza: 9.973 €)	0,164	0,275	0,317	0,230	0,212	0,156	0,076	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)								
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)								
Renda media	11.110	10.581	9.785	13.232	15.021	17.634	21.655	15.480
Índ. posicionam. da media (%)	71,77	68,35	63,21	85,48	97,04	113,92	139,89	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)								
Renda media	17.322	19.123	13.466	18.758	22.614	26.411	32.055	23.400
Índ. posicionam. da media (%)	74,03	81,72	57,55	80,17	96,64	112,87	136,99	100
Particip. clase na renda total (%)	1,24	13,04	2,47	16,14	19,54	19,23	28,34	100
Índice de Gini	0,255	0,401	0,273	0,385	0,433	0,439	0,406	0,426
T. pobreza (l. pobreza: 9.973 €)	0,148	0,269	0,333	0,234	0,204	0,150	0,076	0,190

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

Táboa 17.- Renda dispoñible bruta segundo o sexo da persoa

	Home	Muller	España no seu conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante			
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)			
Renda media	16.712	14.278	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	107,96	92,24	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)			
Renda media	25.322	21.587	23.430
Índice de posicionamento da media (%)	108,07	92,13	100
Participación da clase na renda total (%)	53,34	46,66	100
Índice de Gini	0,434	0,408	0,423
Taxa de pobreza (limiar da pobreza: 9.957 €)	0,175	0,209	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)			
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)			
Renda media	17.074	13.926	15.480
Índice de posicionamento da media (%)	110,30	89,96	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)			
Renda media	25.803	21.057	23.400
Índice de posicionamento da media (%)	110,27	89,99	100
Participación da clase na renda total (%)	54,43	45,57	100
Índice de Gini	0,443	0,401	0,426
Taxa de pobreza (limiar da pobreza: 9.973 €)	0,167	0,212	0,190

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.**Táboa 18.-** Renda dispoñible bruta segundo a nacionalidade da persoa

	N/D	Menores de 16 anos	Española	Resto da UE-25	Outra (non UE-25)	España no seu conxunto
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación constante						
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)						
Renda media	11.065	11.014	16.752	14.123	10.399	15.480
Índ. de posicionam. da media (%)	71,48	71,15	108,22	91,23	67,18	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)						
Renda media	17.267	19.901	24.655	21.583	16.128	23.430
Índ. de posicionam. da media (%)	73,70	84,94	105,23	92,11	68,83	100
Particip. clase na renda total (%)	1,17	13,56	81,25	1,66	2,37	100
Índice de Gini	0,263	0,424	0,421	0,457	0,419	0,423
Taxa pobreza (limiar pobreza: 9.957€)	0,160	0,275	0,166	0,235	0,378	0,192
Resultados tras a corrección con taxa de ocultación lineal progresiva ($k = 0,5$)						
Renda dispoñible <i>per capita</i> do fogar en que reside (euros)						
Renda media	10.951	10.581	16.860	13.777	10.203	15.480
Índ. de posicionam. da media (%)	70,74	68,35	108,92	89,00	65,91	100
Renda dispoñible <i>per capita</i> equivalente OCDE (modificada) do fogar en que reside (euros)						
Renda media	17.111	19.123	24.801	21.153	15.858	23.400
Índ. de posicionam. da media (%)	73,12	81,72	105,99	90,40	67,77	100
Particip. clase na renda total (%)	1,16	13,04	81,84	1,62	2,33	100
Índice de Gini	0,249	0,401	0,428	0,439	0,403	0,426
Taxa pobreza (limiar pobreza: 9.973€)	0,143	0,269	0,165	0,226	0,363	0,190

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010.

En todos os casos obsérvase un lóxico incremento da desigualdade en todas as categorías (con excepción das de empresarios) debido á progresividade introducida no reparto de ocultación que agora aflora. No caso dos empresarios, a desigualdade diminúe ao pasar a ser positiva por efecto da corrección de moitas rendas inicialmente declaradas como negativas, que non se tiñan en conta para calcular o índice de Gini, e que agora si se consideran como rendas baixas para o seu cálculo.

Á vista dos resultados, podemos concluír que o procedemento parece promecedor, pero requírese unha máis profunda investigación sobre a natureza e a forma de ocultación que permita concretar mellor as formas funcionais adecuadas para a imputación persoal desa ocultación, así como determinar máis acertadamente as variables que a explican, posiblemente externas á enquisa que corrixir, e a súa forma de facelo.

5. CONCLUSIONES

Constatouse que a *Encuesta de Condiciones de Vida* do ano 2010 presenta certas desviacións nas distribucións da renda dos fogares españois con respecto ás principais cifras da Contabilidade Rexional de España (CRE), atopándose comportamentos singularmente rechamantes nalgúns categorías, especialmente nas de todo tipo de empresarios e profesionais libres.

A conta de rendas dos fogares construída para a ECV por CC.AA. permitiu cuantificar para esta fonte a súa infradeclaración nas diferentes partidas de renda, moi considerables nas rendas do traballo por conta propia e da propiedade.

Con base nas análises anteriores, propúxose un método elemental e flexible para corrixir os microdatos de renda da ECV, ao tempo que foi ensaiada a súa aplicación, baixo dous escenarios diferentes, co fin de valorar se consegue unha maior aproximación daqueles á realidade. Unha primeira análise dos seus resultados mostra un certo potencial na aplicabilidade deste tipo de métodos, estimulando a profundar no seu estudo.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDRÉS DELGADO, L.; MERCADER PRATS, M. (2001): "Sobre la fiabilidad de los datos de renta en el Panel de Hogares de la Unión Europea (PHOGUE, 1994)", *Estadística Española*, 43 (148), pp. 241-280.
- CALLEALTA BARROSO, F.J.; GARCÍA RUBIO, N. (2011): "Sobre congruencia entre las rentas de la ECV y la CRE", *Congreso Internacional de Economía Aplicada – ASEPELT 2011*. Santander: Universidad de Cantabria, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- COMISIÓN EUROPEA (1996): Reglamento (CE) nº 2223/96 del Consejo, de 25 de junio de 1996, relativo al sistema europeo de cuentas nacionales y regionales de la Comunidad. *Diario Oficial de la Unión Europea*, nº L 310, de 30/11/1996, pp. 1-638.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1996): *Contabilidad Regional de España Base 1995 (CRE-95)*. Madrid: INE.

- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2005): *Encuesta de Condiciones de Vida: Metodología*. Madrid: INE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2011): *Contabilidad Nacional de España Base 2008. Características metodológicas*. Madrid: INE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2011): *Encuesta de Condiciones de Vida: Ficheros transversales de usuario del 7º ciclo (2010)*. Madrid: INE.
- PENA, B.; CALLEALTA, F.J.; CASAS, J.M.; MEREDIZ, A.; NUÑEZ, J.J. (1996): *Distribución personal de la renta en España*. Madrid: Pirámide.
- SANZ, M.B. (1995): *La articulación micro-macro en el sector hogares: de la Encuesta de Presupuestos Familiares a la Contabilidad Nacional*. (Papel de Trabajo, 27/95). Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.

